

**ACORDO DE COLABORACIÓN ENTRE A CONSELLERÍA DE MEDIO AMBIENTE,
TERRITORIO E VIVENDA, A TRAVÉS DO LABORATORIO DE MEDIO AMBIENTE,
E A ENTIDADE PÚBLICA EMPRESARIAL AUGAS DE GALICIA PARA A
REALIZACIÓN DE MOSTRAXE, ANÁLISE E APLICACIÓN DE ÍNDICES DE
VALORACIÓN NECESARIOS PARA O PROCESO DE AVALIACIÓN DO ESTADO
DAS MASAS DE AUGA**

Santiago de Compostela, a 19 de decembro de 2019

REUNIDOS

Dunha parte, Ángeles Vázquez Mejuto, conselleira de Medio Ambiente, Territorio e Vivenda, en virtude das facultades atribuídas polo artigo 34 da Lei 1/1983 do 22 de febreiro, de normas reguladoras da Xunta e da súa presidencia, de acordo co seu nomeamento polo Decreto 94/2018, do 26 de setembro, publicado no Diario Oficial de Galicia núm. 185, de 27 de setembro de 2018, en relación co establecido no Decreto 177/2016, de 15 de decembro, polo que se fixa a estrutura orgánica da Vicepresidencia e das consellerías da Xunta de Galicia, vixente segundo o disposto na disposición transitoria primeira do Decreto 88/2018, de 26 de setembro, polo que se establece a estrutura orgánica da Xunta de Galicia.

Doutra parte, Ethel María Vázquez Mourelle, conselleira de Infraestruturas e Mobilidade, en nome e representación da entidade pública empresarial Augas de Galicia, na súa condición de presidenta da citada entidade, no exercicio das funcións atribuídas polos artigos 13 da Lei 9/2010, de 4 de novembro, de augas de Galicia e 6 do Estatuto da entidade pública empresarial Augas de Galicia, aprobado polo Decreto 32/2012, do 12 de xaneiro.

Ambas as dúas representantes, recoñécense mutuamente a capacidade xurídica suficiente para subscribir, en nome das respectivas entidades, este acordo, a tal efecto

EXPOÑEN

Primeiro. A Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Vivenda exerce, entre outras, as competencias e funcións en materia de avaliación e control da incidencia que sobre o ambiente provoque a actividade humana, o fomento de sistemas e estratexias de corrección da dita incidencia, a avaliación dos efectos de determinados plans e programas no ambiente, o impulso da investigación ambiental e o desenvolvemento tecnolóxico e a súa posta en marcha para o logro da adecuada protección ambiental e o desenvolvemento de estudos e informes en materia de ambiente.

Segundo. Augas de Galicia, entidade creada pola Lei 9/2010, de 4 de novembro, de augas de Galicia, cuxo estatuto foi aprobado polo Decreto 32/2012, do 12 de xaneiro, é unha entidade pública empresarial do sector público autonómico de Galicia, adscrita á Consellería de Infraestruturas e Mobilidade, con personalidade xurídica propia e plena capacidade de obrar para o cumprimento dos seus fins.

Terceiro. Augas de Galicia, conforme a Lei 9/2010, de 4 de novembro, ten entre outras as seguintes competencias:

- As actuacións necesarias para a implantación das directivas comunitarias e a normativa estatal, así como a coordinación co Plan Hidrolóxico Nacional.
- A elaboración de estatísticas e mantemento de bases de datos en relación cos usos da auga e o seguimento do cumprimento dos obxectivos fixados nas directivas comunitarias, en particular en materia de saneamento e protección das augas.
- O establecemento das directrices para a elaboración, seguimento e revisión do Plan Hidrolóxico da Demarcación Hidrográfica de Galicia-Costa, incluíndo o apoio aos procesos de información e participación pública.
- A participación na elaboración e seguimento da execución dos plans hidrolóxicos das demarcacións hidrográficas competencia da Administración xeral do Estado cuxo ámbito territorial afecte a Galicia.
- A análise e o control da calidade das augas, así como o seguimento dos programas de calidade da auga que se establezan.

Para o desenvolvemento destas competencias é de vital importancia a toma de mostra e a análise de parámetros das redes de control de vixilancia e operativa das augas continentais, costeiras e de transición da Demarcación Hidrográfica de Galicia-Costa.

Isto precisa de tecnoloxía e dos medios axeitados para permitir este traballo, dos que carece Augas de Galicia.

Cuarto. Para o desenvolvemento das súas funcións a Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Vivenda conta co Laboratorio de Medio Ambiente, pertencente á Dirección Xeral de Calidade Ambiental e Cambio Climático (DXCACC), cuxas competencias a teor do establecido no Decreto 164/1999, do 27 de maio, son a realización de estudos, análises e informes técnicos sobre establecemento de parámetros, técnicas e procedementos analíticos previstos nas normas ambientais e a realización da labor de investigación das técnicas e modelos de análises en consonancia cos avances científicos e as disposicións normativas aplicables.

Quinto. A Lei 14/2013, de 26 de decembro, de racionalización do sector público autonómico, que ten como obxecto a racionalización de todo o sector público autonómico e da actividade administrativa e a adopción de medidas dirixidas a unha maior eficiencia do gasto e a mellora da xestión do sector público autonómico, regula baixo estes preceptos a colaboración no ámbito do sector público autonómico.

En concreto, o artigo 8 desta lei regula a autoprovisión de bens e de servizos dentro do propio sector público, segundo o cal a Administración xeral da Comunidade Autónoma e as entidades instrumentais do sector público, coa finalidade do uso eficiente dos recursos públicos existentes, realizarán as tarefas de interese público que lles corresponden cos medios persoais, técnicos, materiais e de calquera outro tipo dos que dispoña o sector público autonómico.

Para estes efectos, cando os medios dos que dispoñan resulten insuficientes para o cumprimento e a realización dos seus fins institucionais, acudirán con preferencia á cooperación, colaboración e asistencia doutros órganos da Administración xeral da Comunidade Autónoma ou doutras entidades do sector público autonómico que si dispoñan dos medios dos que precisan.

Pola súa parte, o artigo 14 da Lei 14/2013, do 26 de decembro, de racionalización do sector público autonómico establece a posibilidade de que a Administración xeral da Comunidade Autónoma de Galicia e as entidades do sector público autonómico formalicen acordos de colaboración ou cooperación para o servizo aos intereses xerais mediante o desempeño conxunto de tarefas de interese público da súa competencia.

Por todo o exposto, a Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Vivenda e a entidade pública Augas de Galicia conveñen formalizar este acordo de conformidade coas seguintes

CLÁUSULAS

Primeira. Obxecto do acordo de cooperación

Este acordo ten por obxecto regular a cooperación entre as partes asinantes de cara a unha adecuada programación e desenvolvemento da análise e xestión das redes de control definidas no Plan Hidrológico da Demarcación Hidrográfica de Galicia-Costa.

Segunda. Contido da colaboración

O contido da colaboración consiste na realización de traballos de mostraxe e análise na matriz auga dos elementos de calidade especificados no anexo I, así como a aplicación dos índices de valoración necesaria para o proceso de avaliación do estado das masas de auga, segundo o establecido no apartado f) desta cláusula.

Así mesmo, os traballos incluírán a toma de mostra de sedimento en augas costeiras e de transición a realizar unha vez durante a duración dos traballos.

A DXCACC realizará a toma de mostras en augas superficiais continentais, augas costeiras e augas de transición, coas frecuencias e nos puntos de control definidos no anexo I. A partir dese momento, a DXACC será responsable do seu transporte e custodia ata as instalacións do laboratorio, onde se desenvolverán as actividades correspondentes para a súa análise, ou a súa entrega, no caso das mostras de sedimento en augas costeiras e de transición, a quen corresponda a súa análise.

Nas mostraxes realizadas en augas superficiais continentais levarase un rexistro das Especies Exóticas Invasoras presentes na área de mostraxe. Os contidos e procedemento de actualización de dito rexistro será consensuado entre ambas partes.

a. Información de cada un dos puntos de control

A DXCACC subministrará información específica de cada unha das estacións a controlar. A información plasmarase en formatos tipo ficha que disporán, como mínimo, dos seguintes campos:

- Denominación.
- Localización (ría ou desembocadura de río e nome da masa de auga).
- Código da estación.
- Tipo de rede á que pertence.
- Coordenadas UTM.
- Esquema da localización.
- Grupo de parámetros a controlar en cada matriz.

b. Planning

A DXCACC remitirá periodicamente o planning de mostraxe que se vaia levar a cabo para que Augas de Galicia estea informada en todo momento da planificación dos traballos, así como para, no caso de ser necesario, poder presentar modificacións ao respecto.

A Planificación debe ter en conta as necesidades de Augas de Galicia de cara a garantir o cumprimento dos prazos establecidos na normativa de aplicación.

c. Metodoloxía de mostraxe

A DXCACC achegará os protocolos de actuación tanto para a toma de mostras como para a súa conservación e transporte, medidas a realizar in situ, etc, que garantan o axeitado desenvolvemento dos traballos. Os ditos protocolos deberán estar baseados nas normas ISO e/ou recomendacións de organismos internacionais de recoñecido prestixio, así como, de habelos, nas recomendacións ou protocolos específicos que se elaboren dende o Ministerio con competencias.

Augas de Galicia aprobará os protocolos de cara a asegurar que os resultados obtidos poidan ser considerados aos efectos do establecido na normativa correspondente para a determinación do estado das masas de auga.

d. Metodoloxía analítica

A análise dos parámetros establecidos realizarase de acordo aos métodos de medida de referencia contemplados na lexislación que sexa de aplicación. En calquera caso, o método analítico utilizado debe estar validado por un organismo oficial, sendo

fundamental que alcance os límites de detección e cuantificación necesarios para valorar as concentracións presentes con seguridade e que permita cumprir a normativa vixente en materia de calidade das augas.

Por conseguinte, a DXCACC proporcionará os procedementos analíticos a utilizar no desenvolvemento dos traballos. A descrición das metodoloxías a empregar incluírá as características de precisión e exactitude que presentan, así como os límites de detección e cuantificación.

A expresión dos resultados estará acorde cos criterios de referencia utilizados.

e. Presentación dos resultados

A entrega de resultados en cumprimento do establecido no Anexo I realizarase periodicamente, cunha frecuencia que en ningún caso poderá superar os dous meses dende a realización dos traballos.

A entrega dos resultados será en soporte dixital e cun formato compatible coas bases de datos existentes en Augas de Galicia.

Asegurarase que a antelación da entrega dos resultados sexa suficiente, de xeito que Augas de Galicia cumpra cos prazos establecidos no proceso de planificación hidrolóxica.

Con respecto á entrega de información xeorreferenciada, deberá cumprir cos seguintes requisitos:

Toda a información xeorreferenciada entregada, deberá subministrarse de xeito conveniente, usando o DATUM ETRS89, baseándose en vértices REGENTE da Rede Xeodésica Nacional e como sistema de representación a Proxección UTM (Universal Transversal Mercator), fuso 29. Os datos cartográficos SIX entregaranse en formato “shape” no caso de datos vectoriais e formato geotiff para datos raster. Entregarase un informe descritivo da estrutura e contidos de cada unha das capas cartográficas, así como das táboas alfanuméricas e deberá cumprir os requisitos descritos nos parágrafos anteriores.

Para cada conxunto de datos crearanse os arquivos XML de metadatos segundo o perfil NEM (Núcleo Español de Metadatos) da norma ISO 19115. Para a creación de metadatos poderase utilizar o programa CATMEDIT, GEONETWORK ou similar.

f. Valoración de resultados

Para os elementos de calidade biolóxica e hidromorfolóxica, a DXCACC encargárase da aplicación dos índices de valoración que sexan acordados entre Augas de Galicia e a propia DXCACC para os efectos de poder realizar a valoración do estado das masas de auga, baseados nos avances e resultados dos exercicios de intercalibración correspondentes. En todo caso, a metodoloxía de aplicación dos índices será plasmada nun documento de traballo aparte.

Terceira. Obrigas das partes

A) Obrigas da Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Vivenda, a través do LMA

Para o desenvolvemento e execución deste acordo, a Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Vivenda a través do Laboratorio de Medio Ambiente, pertencente a DXCACC, comprométese a:

1. Realizar os traballos de mostraxe e análise na matriz auga dos elementos de calidade especificados no anexo I, así como a aplicación dos índices de valoración necesaria para o proceso de avaliación do estado das masas de auga, de acordo co establecido na cláusula segunda.
2. Designar un xefe/a de proxecto que asumirá a coordinación inmediata dos traballos e a dirección do persoal que a DXCACC asigne á realización deles; solventando, en coordinación coa dirección técnica designada por Augas de Galicia, cantas cuestións se estimen oportunas e necesarias para a realización desta colaboración.
3. Manter a Augas de Galicia puntualmente informada do desenvolvemento dos traballos, facilitando á dirección de toda a información que este solicite ao respecto.
4. Facerse cargo de todos os gastos que leve consigo a realización dos traballos descritos na cláusula segunda de acordo co orzamento recollido no anexo II.

B) Obrigas de Augas de Galicia

Para o desenvolvemento e execución deste acordo Augas de Galicia, comprométese a:

1. Exercer a dirección técnica no desenvolvemento das accións obxecto desta colaboración, para tal efecto, designará a un/unha director/a técnico/a.
2. Subministrar e facilitar, a través da citada dirección técnica, toda aquela información que sexa necesaria para o cumprimento do obxecto deste acordo.
3. Compensar á Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Vivenda parte dos gastos que a realización dos citados traballos leven consigo, de acordo co establecido na cláusula cuarta.

Cuarta.- Compensación de custos

De conformidade co establecido no artigo 14.3 da Lei 14/2013, do 26 de decembro, de racionalización do sector público autonómico, Augas de Galicia compensará parcialmente á Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Vivenda polos gastos nos que incorra para a realización de determinados traballos descritos na cláusula segunda (Anexo II), en concreto dos seguintes:

- Análises de sustancias perigosas e prioritarias.
- A metade dos gastos para a realización da toma de mostras, en concreto os custos seguintes: do material necesario para a realización da toma de mostras, do mantemento e calibración de instrumentos de medida in situ, e dos medios de transporte para a toma de mostras de augas costeiras e de transición.

Estes gastos estímanse nunha cantidade máxima de 1.472.408,53 euros, e realizaranse con cargo á conta 6299 "Outros servizos" do Plan xeral de contabilidade pública de Galicia. A citada cantidade inclúe, todos os impostos, tributos e taxas que, no seu caso, cumpra aplicar.

Este acordo ten previsto entrar en vigor o 1 de xaneiro de 2020. A distribución de anualidades é a que segue:

2020: 736.204,26 €

2021: 736.204,27 €

Por acordo do Consello da Xunta do 17 de outubro de 2019, aprobouse o proxecto de Lei de orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia para o ano 2020. Para os efectos da tramitación do expediente de gasto, resulta de aplicación o establecido na Orde do 11 de febreiro de 1998, pola que se regula a tramitación anticipada de expedientes de gasto, modificada polas Ordes do 27 de novembro de 2000 e do 25 de outubro de 2001; quedando condicionado á existencia de crédito adecuado e suficiente nos orzamentos da Comunidade Autónoma para o ano 2020.

No suposto de que a entrada en vigor se modifique, reaxustaranse as anualidades respetando os importes acordados.

O importe aboarase á Xunta de Galicia mensualmente unha vez que a dirección técnica de Augas de Galicia emita o informe de conformidade á certificación dos gastos presentada pola DXCACC, que inclúa os traballos desenvolvidos no mes de referencia.

O ingreso realizarase mediante transferencia ao número de conta da Xunta de Galicia que a DXCACC comunique.

Quinta. Comisión de seguimento

Constituirase, a iniciativa de calquera das partes, unha comisión formada por dous/dúas representantes de cada unha das partes para o seguimento, desenvolvemento e interpretación deste acordo. No marco da mencionada comisión resolveranse as posibles controversias que puideran xurdir na súa aplicación.

Esta comisión reunirse as veces que se estimen oportunas para o cumprimento deste convenio.

Sexta. Propiedade dos traballos

A titularidade dos traballos e dos resultados obtidos no desenvolvemento deste convenio é compartida por Augas de Galicia e a Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Vivenda.

Augas de Galicia e a Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Vivenda poderán facer uso da información derivada da execución deste acordo para exercer axeitadamente as súas competencias, facéndose en calquera caso mención explícita dos organismos implicados na consecución dos resultados e o obxectivo dos mesmos.

As partes obríganse a non difundir sen autorización a información confidencial facilitada pola outra parte e os resultados derivados do desenvolvemento deste acordo.

Con carácter xeral, permitirase aos autores do traballo a publicación total ou parcial dos resultados científicos obtidos en congresos, revistas, publicacións e seminarios de carácter científico, para o que se solicitará en todo caso a oportuna autorización, que se entenderá concedida pola outra parte se non se obtén resposta en sentido contrario no prazo de 15 días.

Sétima. Duración do acordo

Este acordo de colaboración terá efectos dende o 01.01.2020 e manterá a súa vixencia ata o 31.12.2021. De acordo co establecido pola Lei 40/2015, do 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público, en calquera momento antes da finalización do prazo previsto, os asinantes poderán acordar a súa prórroga por un período de ata catro anos adicionais ou a súa extinción.

Oitava. Resolución e rescisión do acordo

Este acordo poderá extinguirse polas causas legalmente previstas. En especial, serán causas de resolución deste acordo de cooperación, previa denuncia dalgunha das partes:

- a. O mutuo acordo das partes.
- b. O incumprimento das cláusulas contidas no acordo, previa reunión da comisión de seguimento.

Novena. Réxime xurídico e resolución de conflitos

Este acordo de colaboración ten natureza administrativa, e rexerase pola Lei 14/2013, do 26 de decembro, de racionalización do sector público autonómico e polas demais normas de aplicación.

As discrepancias que se poidan producir resolveranse nos termos previstos no artigo 13 da Lei 16/2010, do 17 de decembro, de organización e funcionamento da Administración xeral e do sector público autonómico de Galicia, para os conflitos de atribucións.

Décima. Publicidade

A sinatura do presente acordo suporá o consentimento expreso das partes asinantes para incluír e facer públicos os datos persoais que consten no acordo, e mailo resto de especificacións contidas no mesmo, de conformidade co artigo 15 da Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno (DOG nº 30 do 15 de febreiro) e o Decreto 126/2006, do 20 de xullo, polo que se regula o rexistro de convenios da Xunta de Galicia (DOG nº 149 do 3 de agosto).

Décimo primeira. Protección de datos e carácter persoal

As partes asinantes obríganse ao cumprimento do Regulamento (UE) 2016/679 do Parlamento Europeo e do Consello, do 27 de abril de 2016, relativo á protección das persoas físicas no que respecta ao tratamento de datos persoais e á libre circulación destes datos e polo que se derroga a Directiva 95/46/CE (Regulamento xeral de protección de datos), da Lei Orgánica 3/2018, de 5 de decembro, de Protección de Datos Persoais e garantía dos dereitos dixitais, do Real Decreto 1720/2007, de 21 de decembro, polo que se aproba o Regulamento de desenvolvemento da Lei Orgánica de protección de datos de carácter persoal, e demais normativa vixente de aplicación en cada momento en materia de protección de datos.

En proba de conformidade de canto antecede, as partes asinan por duplicado exemplar este acordo de colaboración no lugar e na data indicados no encabezamento

A conselleira de Medio Ambiente,
Territorio e Vivenda

A presidenta de Augas de Galicia

Ángeles Vázquez Mejuto

Ethel María Vázquez Mourelle

ANEXO I. PUNTOS DE CONTROL, FRECUENCIA DE MOSTRAXE E ELEMENTOS
DE CALIDADE A REALIZAR

ANEXO II. ORZAMENTO ESTIMADO